



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 29 DE XULLO DO 2020

**Alcalde-Presidente:**

Carlos Ladra Brage

**ASISTENTES**

**Concelleiros/as;**

**Grupo político municipal PSdG-PSOE**

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M<sup>a</sup>. Rodríguez Fernández

**Grupo político municipal BNG:**

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

**Grupo político municipal PP:**

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

**Grupo Mixto:**

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

**AUSENCIAS XUSTIFICADAS:**

Elena María Arias Martínez

**Secretaría-Interventora:**

Irene Suárez López

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas e trinta minutos, do 29 de xullo de dous mil vinte, reúnen-se en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaría-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

### ORDE DO DÍA



## 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Alcalde comeza preguntando aos Concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas o 27 de maio, ordinaria, 17 de xuño, extraordinaria e 3 de xullo, extraordinaria.

A concelleira **Eva García Amor** intervén para dicir que na acta do 27 de maio, nas páxinas 16 e 17 hai dúas intervencións da concelleira Concepción Rodríguez Ferreiro, que, en realidade, foron súas.

A Secretaria indica que se trata dun erro e que se corraxirá.

**Sometidas as actas a votación son aprobadas por unanimidade dos presentes ( 10 votos).**

## 2.- PROPOSTA APROBACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO.

Antes de comezar coa lectura e debate do punto incluído na orde do día, a Secretaria indica aos concelleiros que se detectou un erro material na proposta de Alcaldía relativa á contía do estudo económico, que se corraxiu mediante unha dilixencia, que xa se enviou a todos os concelleiros, e que no acordo que adopten figurará xa a cantidade correcta.

Obra no expediente o ditame que a continuación se transcribe:

### **PROPOSTA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FENE, CABANAS, MUGARDOS E ARES PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO**

*Os Concellos de Fene e Cabanas son cotitulares dun punto limpo no polígono industrial de Vilar do Colo.*

*A dita instalación constitúe un paso adiante no cumprimento das obrigas municipais na recollida e selección de residuos, xa que, como establece a Lei 10/2008 de residuos de Galicia correspóndelle aos municipios implantar sistemas de recolla selectiva de residuos urbanos ou municipais que possibiliten a súa reciclaxe e outras formas de valorización.*

*Mediante o punto limpo amplíase a recollida selectiva de residuos domésticos municipal, xa que se erixe como un centro de recepción, de almacenaxe e de selección de residuos municipais que non teñen canalización de recollida diaria.*

*Deste xeito búscase mellorar a calidade da recollida selectiva de residuos. Unha mellor xestión desta recollida permite unha mellor valorización e, polo tanto, unha diminución dos custes asociados á xestión dos colectores verde e amarelo, ao favorecer o menor depósito de improprios neles e a correspondente penalización en custes que supón ás arcas municipais.*

*Mediante acordo plenario de data 25 de abril de 2018 aprobouse a implantación do servizo do Punto Limpo mediante xestión indirecta conxunta co Concello de Fene, así como inicialmente o seu Regulamento, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 126, de 4 de xullo de 2020.*





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*A xestión conxunta entre os Concellos de Fene e Cabanas materializouse nun Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Cabanas para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo asinado o 12.02.2019.*

*Os concellos de Ares, Neda e Mugardos amosaron o seu interese en adherirse a unha xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo, rexeitando Neda finalmente a súa incorporación.*

*En base a este interese, encargouse un estudo económico no que se valora a xestión compartida do servizo polos Concellos de Fene, Cabanas, Ares e Mugardos.*

*As bases desta xestión compartida fórmulanse nun convenio de colaboración que se presenta para a súa aprobación e que non conta con carácter contractual, xa que o seu contido non se atopa comprendido dentro dos contratos regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.*

*O convenio cumpre co previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e conta co Informe de Secretaría-Intervención, emitido en data 16 de xullo de 2020.*

*En base ao que antecede e vistas as competencias plenarias establecidas no artigo 22 LBRL, proponho ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*

**Primeiro.** *Aprobar o convenio de colaboración entre os Concellos de Fene, Cabanas, Mugardos e Ares para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo que se achega como Anexo.*

**Segundo.** *Dar traslado do presente acordo ao Concello de Fene.*

**Terceiro.** *Facultar ao Alcalde para todo o relacionado coa formalización e posta en marcha deste convenio.*

### **ANEXO.**

#### **“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FENE, CABANAS, MUGARDOS E ARES PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO**

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, o alcalde do Concello de Fene, Juventino José Trigo Rey, con NIF 76404053P, en nome e representación do referido concello.*

*Doutra parte, o Alcalde do Concello de Cabanas, Carlos Ladra Brage, con NIF 76415880-J, en nome e representación do referido concello.*

*Doutra parte, o Alcalde do Concello de Mugardos, Juan Domingo de Deus Fonticoba, con NIF 32677655-Z, en nome e representación do referido concello.*

*Doutra parte, o Alcalde do Concello de Ares, Julio Ignacio Iglesias Redondo, con NIF 32.649.797-D, en nome e representación do referido concello.*

*Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei*

*7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).*



Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste Convenio para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo.

## EXPOÑEN

-Os Concellos de Fene e Cabanas son copropietarios dun punto limpo sito no polígono industrial de Vilar do Colo, segundo consta en acta de recepción de 19.12.2013.

-A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos do dito artigo.

-O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece a posibilidade de que as administracións públicas asinen convenios interadministrativos para un fin común e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

- O artigo 60 da Lei 13/2015, de medidas fiscais e administrativas habilita a posibilidade de que as entidades locais galegas poidan formalizar entre si convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desenvolvemento conxunto de tarefas públicas da súa competencia, facendo aportación de organización, medios persoais, materiais ou recursos financeiros.

-O artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público establece que as entidades do sector público poderán cooperar entre si mediante convenios nos que acorden a realización conxunta de contratacións específicas.

-Os Concellos de Fene e Cabanas subscribiron un convenio asinado o 12.02.2019 para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo mediante unha xestión indirecta compartida do servizo que se instrumentará a través dun contrato de servizos ao abeiro da normativa contractual vixente, acordando que o Concello de Fene administre o procedemento de contratación e aprobando o regulamento regulador do servizo, que foi publicado no BOP da Coruña no número 245 do 26.12.2018 -Os Concellos de Ares e Mugaros manifestaron o seu interese nun uso compartido das instalacións e servizo do punto limpo de Vilar do Colo colaborando cos Concellos de Fene e Cabanas no seu sostemento a través dunha financiación conxunta da súa xestión.

-Os Concellos de Fene e Cabanas contrataron a elaboración dun estudo económico para a prestación do servizo aos cinco Concellos interesados na xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo que estima un custe anual do servizo de **96.512,96 € + 9.651,30 € de IVE (custe total= 106.164,26 €)**.

Por todo o sinalado, coa finalidade de poñer en funcionamento o punto limpo de Vilar do Colo, o/as alcaldes/a asinantes subscriben este convenio en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.-Obxecto**

Este convenio ten por obxecto regular a xestión conxunta do punto limpo de Vilar do Colo sito no polígono industrial de Vilar do Colo do que son copropietarios o Concello de Fene e Cabanas. O punto limpo de Vilar do Colo prestará servizo aos Concellos de Fene, Cabanas, Mugaros e Ares.

### **Segunda.-Forma de xestión**





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*O servizo do punto limpo de Vilar do Colo prestarase mediante unha xestión conxunta indirecta que se instrumentará a través dun contrato de servizos ao abeiro da normativa contractual vixente. Na licitación terase en conta a inclusión de cláusulas sociais segundo o establecido na lexislación vixente.*

### **Terceira.-Entidade contratante**

*O procedemento de contratación será administrado polo Concello de Fene en nome e por conta dos Concellos de Fene, Cabanas, Mugardos e Ares, entidades que terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigas, tal e como estipula o artigo 31.3 da Lei 9/2017.*

*As competencias en materia de contratación que a normativa contractual atribúe ao órgano de contratación serán exercidas polo Concello de Fene, sen prexuízo do estipulado na cláusula sétima deste convenio.*

### **Cuarta.- Regulamento**

*O regulamento de uso do punto limpo de Vilar do Colo é o aprobado polos Concellos de Fene e Cabanas e publicado no BOP da Coruña número 245 do 26.12.2018.*

*Calquera modificación substancial do Regulamento que poida afectar ao acordado neste convenio deberá ser obxecto de audiencia previa aos Concellos asinantes.*

### **Quinta.-Obrigas económicas**

*5.1.-Os Concellos asinantes comprométense a financiar o custe do servizo en proporción á súa poboación conforme ao datos poboacionais oficiais do INE para o 2019.*

*Conforme aos datos oficiais de poboación, resultan as seguintes porcentaxes:*

*-Fene: 47,58 % (12944 hab)*

*-Ares: 21,07 % (5732 hab)*

*-Mugardos: 19,28 % (5245 hab)*

*-Cabanas: 12,06 % (3281 hab)*

*5.2.-A adxudicación do contrato administrativo deberá ser notificada polo Concello de Fene aos Concellos asinantes, coa finalidade de que estes sexan coñecedores do importe definitivo da financiación que lles corresponde.*

*5.3.-Por parte do Concello de Fene darase traslado aos Concellos asinantes dunha copia do contrato administrativo formalizado, xunto cunha notificación da cota definitiva que deberán aportar todos os meses e transferir ao Concello de Fene.*

*Procurarase que o contrato dea comezo a principios de mes, e sendo a facturación a mes vencido, os Concellos ingresarán as cotas mensuais antes do día 20 de cada mes, cotas que corresponderán ao servizo prestado e facturado polo xestor do punto limpo o mes anterior.*

*A notificación da formalización do contrato administrativo determinará a devindicación da obriga de ingresar ao Concello de Fene as cotas mensuais correspondentes durante toda a vixencia do contrato, sen prexuízo do disposto na cláusula oitava.*



5.4.-As cotas mensuais a transferir ao Concello de Fene deberán facerse antes do día 20 do mes que corresponda conforme ao disposto na cláusula 5.3, coa finalidade de que o Concello de Fene poida dar cumprimento á normativa sobre morosidade no pago a provedores.

#### **Sexta.-Incumprimento de obrigas.**

6.1.O incumprimento por calquera Concello de transferir ao Concello de Fene as cotas dentro dos prazos estipulados suporá a obriga automática de transferir ao Concello de Fene os intereses de demora previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, así como calquera outro dano e prexuízo que se lle irrogue ao Concello de Fene por mor do dito incumprimento.

6.2.-O retraso por mais de dous meses nas transferencias pactadas ao Concello de Fene suporá a rescisión automática deste convenio para o Concello incumpridor, estando obrigado a aportar aos concellos que se manteñan no convenio o importe da financiación á que se tivera comprometido coa sinatura deste convenio ata a finalización do contrato administrativo, sen incluír as súas posibles prórrogas, en concepto de indemnización de danos e prexuízos, no caso de que non se poida modificar o contrato administrativo ou, en todo caso, ata a formalización desta. O Concello de Fene deberá notificar este feito ao resto dos concellos asinantes.

Os importes desta financiación deberán transferirse anualmente dentro do primeiro mes do ano natural, agás no ano da rescisión, no que se deberá transferir nos prazos fixados pola normativa tributaria, unha vez recibida a oportuna notificación da liquidación que corresponda polo Concello de Fene.

6.3.-No caso de que as liquidacións ás que se refire á anterior cláusula non sexan transferidas ao Concello de Fene nos prazos estipulados, o resto de Concellos asinantes virán obrigados a sustentar o contrato administrativo a partes iguais respecto da cota deixada de pagar, xunto ás posibles indemnizacións ou intereses que se xeren e que se distribuirán nos mesmos termos e previa notificación ao efecto por parte do Concello de Fene.

A parte proporcional a abonar por cada concello deberá incorporarse ao pago mensual ao que se compromete cada concello, sen prexuízo de que o Concello de Fene poida emitir liquidacións complementarias coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas derivadas do contrato administrativo e evitar o pago de danos e prexuízos ao contratista.

Estas liquidacións complementarias deberán transferirse ao Concello de Fene no prazo máximo de 15 días naturais.

6.4.-En todo caso, calquera dano e prexuízo reclamado ou recoñecido que se xere ao contratista por falta de pago nos prazos legais establecidos e que non sexan imputables ao Concello de Fene, deberán ser sufragados polo Concello que provoque o incumprimento, previa liquidación ao efecto que lle será notificada polo Concello de Fene e que se deberá ingresar nos termos da normativa recadatoria.

#### **Sétima.-Comisión de seguemento.**

Créase unha comisión mixta de vixilancia e seguimento deste convenio que estará integrada polos/as alcaldes/esas dos Concellos asinantes, asistidos, no seu caso, do/as respectivos/as funcionario/as de habilitación nacional dos respectivos Concellos. As funcións desta Comisión serán as seguintes:

- Avaliación dos resultados de execución do convenio
- Resolución de dúbidas e discrepancias na aplicación do convenio
- Resolución de problemas de execución do convenio
- Estudo dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexerán a contratación do servizo





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*-Estudo das propostas de modificación contractuais do servizo no caso de que supoñan elevación do custe económico do contrato*

*-Acordo sobre as prórrogas do servizo*

### **Oitava.-Duración, entrada en vigor e rescisión.**

8.1.-Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e extinguirase coa desaparición do seu obxecto.

8.2.-Durante a súa vixencia, o convenio vinculará financeiramente aos Concellos asinantes, que virán obrigados a transferir as cotas ás que se vexan obrigados mentres o servizo sexa prestado e orixine gastos fronte a un acredor, con independencia da relación contractual que manteña co Concello de Fene.

8.3.-Fóra do suposto previsto de rescisión automática da cláusula sexta, o contrato poderá rescindirase polas seguintes causas:

*-Mutuo acordo das partes.*

*-Mutuo acordo dos Concellos de Fene e Cabanas de non prorrogar o contrato.*

*-Resolución administrativa do contrato conforme á normativa contractual. -Decisión de non prorrogar o contrato.*

*No caso de que calquera dos Concellos asinantes non propietarios das instalacións decidan que non se queren manter adheridos ao convenio con ocasión dunha prórroga contractual, sempre que o resto de Concellos asinantes si decidan prorrogar, o resto de Concellos que desexen manter o contrato virán obrigados a financiar a partes iguais os custes que se puideran derivar deste feito, no caso de que non se poida modificar o contrato administrativo ou, en todo caso, ata a formalización desta.*

**Disposición adicional primeira.**-Coa sinatura deste convenio, queda derogado para os Concellos de Fene e Cabanas o “Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Cabanas para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo” no que se opoña a este convenio.

**Disposición adicional segunda.**-Os concellos asinantes comprométese a financiar conxuntamente de acordo coa proporcionalidade prevista na cláusula 5.1 o custe do estudo económico da xestión do punto limpo de Vilar do Colo que servirá de base para a contratación do servizo e que foi pagado polo Concello de Fene e Cabanas por uns importes de 4.114 €, IVE incluído, segundo facturas das que se dará traslado a todos os concellos.

*Segundo a dita proporcionalidade os importes que corresponde sufragar a cada concello son os que seguen:*

*Fene: 1957,44 €*

*Ares: 866,82 €*

*Mugardos: 793,18 €*

*Cabanas: 496,15 €*

*No prazo máximo dun mes a contar dende o seguinte ao da sinatura deste convenio, os Concellos de Ares e Mugardos transferirán ao Concello de Fene os importes que lles corresponde abonar por este concepto e o Concello de Fene transferirá ao Concello de Cabanas o importe de 467,37 € correspondente á parte da facturación por este concepto abonada de máis conforme ao reparto aprobado nesta Disposición.”*



Ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro **Iago Varela Martínez** que di que están ante un proceso longo, dilatado por diferentes cuestións, tanto políticas como técnicas e explica que, dende o inicio do mandato se puxeron a traballar co concello de Fene para poñer en marcha o punto limpo, pero que, en realidade non había moito interese por parte deste concello, ata que se produxo a moción de censura e foron mais receptivos. O concelleiro di que, polo tanto, é un día importante para o BNG pola posta en marcha dun servizo moi demandado e que espera que acabe cos verquidos ilegais que se veñen producindo.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** intervén para dicir que están ante una infraestrutura moi demandada, que se remontan no sei inicio ao ano 2006, cando Fene e Cabanas comezaron un longo proceso de catorce anos, onde se foron sucedendo gobernos e nunca se lle dou o impulso necesario, ao que se sumou que fora moi descoñecido o tema de prestar un servizo agrupado entre dous concellos ou os avatares do último goberno; de todos xeitos puido observar que o estudo económico non se rematou ata decembro do ano pasado e ao non ter coñecemento do mesmo, foi o motivo polo que solicitou a súa inclusión no expediente. O concelleiro remata dicindo que lles gustaría que a xestión do punto limpo fose pública e non a través dunha concesión e que, en todo caso, sempre estiveron a favor desta iniciativa e seguirano estando.

De seguido ten a palabra o concelleiro **Javier Fernández Brage** que di que se alegran de que o punto limpo se vaia a poñer en funcionamento e o que non entenden é o retraso na tramitación, tendo en conta que o, agora alcalde de Fene, estando na oposición votou en contra escudándose nos informes que obraban no expediente; en todo caso di que, dende o Partido popular están a favor da posta en marcha dun servizo moi importante para a cidadanía.

O **Alcalde**, en relación á intervención do concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña, di que xa había un estudo económico anterior, pero tiveron que variarlo porque, finalmente, o concello de Neda decidiu non prestar o servizo de xeito compartido cos outros catro concellos e tiveron que refacelo.

Ábrese a segunda quenda de intervencións e solicita a palabra o concelleiro **Iago Varela Martínez** que di que, moi brevemente, quere dicir que, efectivamente en Fene levaron a pleno o acordo no seu día, pero os informes da Administración autonómica eran negativos, e ese foi o motivo do voto en contra.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que el so fai referencia ao estudo económico que coñece e di que, de feito, na exposición de motivos nada se di con respecto a que houbera un anterior.

O concelleiro **Javier Fernández Brage** di que el so comentaba o do voto en contra, porque tiveron algunha reunión na que non quedou claro o porqué dese voto.

O **Alcalde** di que en todo caso, por fin teñen punto limpo despois de tanto tempo e cre que é unha gran noticia para todos os concellos.

**Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos presentes ( 11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:**

**Primeiro.** Aprobar o convenio de colaboración entre os Concellos de Fene, Cabanas, Mugardos e Ares para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo que se achega como Anexo.

**Segundo.** Dar traslado do presente acordo ao Concello de Fene.

**Terceiro.** Facultar ao Alcalde para todo o relacionado coa formalización e posta en marcha deste convenio.







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### ANEXO.

#### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FENE, CABANAS, MUGARDOS E ARES PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO

#### REUNIDOS

Dunha parte, o alcalde do Concello de Fene, Juventino José Trigo Rey, con NIF 76404053P, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Cabanas, Carlos Ladra Brage, con NIF 76415880-J, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Mugardos, Juan Domingo de Deus Fonticoba, con NIF 32677655-Z, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Ares, Julio Ignacio Iglesias Redondo, con NIF 32.649.797-D, en nome e representación do referido concello.

Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei

7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos deste Convenio para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo.

#### EXPOÑEN

-Os Concellos de Fene e Cabanas son copropietarios dun punto limpo sito no polígono industrial de Vilar do Colo, segundo consta en acta de recepción de 19.12.2013.

-A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos do dito artigo.

-O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece a posibilidade de que as administracións públicas asinen convenios interadministrativos para un fin común e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

- O artigo 60 da Lei 13/2015, de medidas fiscais e administrativas habilita a posibilidade de que as entidades locais galegas poidan formalizar entre si convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desenvolvemento conxunto de tarefas públicas da súa competencia, facendo aportación de organización, medios persoais, materiais ou recursos financeiros.



-O artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público establece que as entidades do sector público poderán cooperar entre sí mediante convenios nos que acorden a realización conxunta de contratacións específicas.

-Os Concellos de Fene e Cabanas subscribiron un convenio asinado o 12.02.2019 para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo mediante unha xestión indirecta compartida do servizo que se instrumentará a través dun contrato de servizos ao abeiro da normativa contractual vixente, acordando que o Concello de Fene administre o procedemento de contratación e aprobando o regulamento regulador do servizo, que foi publicado no BOP da Coruña no número 245 do 26.12.2018 -Os Concellos de Ares e Mugar dos manifestaron o seu interese nun uso compartido das instalacións e servizo do punto limpo de Vilar do Colo colaborando cos Concellos de Fene e Cabanas no seu sostemento a través dunha financiación conxunta da súa xestión.

-Os Concellos de Fene e Cabanas contrataron a elaboración dun estudo económico para a prestación do servizo aos cinco Concellos interesados na xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo que estima un custe anual do servizo de **96.512,96 € + 9.651,30 € de IVE (custe total= 106.164,26 €)**.

Por todo o sinalado, coa finalidade de poñer en funcionamento o punto limpo de Vilar do Colo, o/as alcaldes/a asinantes subscriben este convenio en base ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira.-Obxecto**

Este convenio ten por obxecto regular a xestión conxunta do punto limpo de Vilar do Colo sito no polígono industrial de Vilar do Colo do que son copropietarios o Concello de Fene e Cabanas. O punto limpo de Vilar do Colo prestará servizo aos Concellos de Fene, Cabanas, Mugar dos e Ares.

### **Segunda.-Forma de xestión**

O servizo do punto limpo de Vilar do Colo prestarase mediante unha xestión conxunta indirecta que se instrumentará a través dun contrato de servizos ao abeiro da normativa contractual vixente. Na licitación terase en conta a inclusión de cláusulas sociais segundo o establecido na lexislación vixente.

### **Terceira.-Entidade contratante**

O procedemento de contratación será administrado polo Concello de Fene en nome e por conta dos Concellos de Fene, Cabanas, Mugar dos e Ares, entidades que terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigas, tal e como estipula o artigo 31.3 da Lei 9/2017.

As competencias en materia de contratación que a normativa contractual atribúe ao órgano de contratación serán exercidas polo Concello de Fene, sen prexuízo do estipulado na cláusula sétima deste convenio.

### **Cuarta.- Regulamento**

O regulamento de uso do punto limpo de Vilar do Colo é o aprobado polos Concellos de Fene e Cabanas e publicado no BOP da Coruña número 245 do 26.12.2018.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Calquera modificación substancial do Regulamento que poida afectar ao acordado neste convenio deberá ser obxecto de audiencia previa aos Concellos asinantes.

### **Quinta.-Obrigas económicas**

5.1.-Os Concellos asinantes comprométense a financiar o custe do servizo en proporción á súa poboación conforme ao datos poboacionais oficiais do INE para o 2019.

Conforme aos datos oficiais de poboación, resultan as seguintes porcentaxes:

-Fene: 47,58 % (12944 hab)

-Ares: 21,07 % (5732 hab)

-Mugardos: 19,28 % (5245 hab)

-Cabanas: 12,06 % (3281 hab)

5.2.-A adxudicación do contrato administrativo deberá ser notificada polo Concello de Fene aos Concellos asinantes, coa finalidade de que estes sexan coñecedores do importe definitivo da financiación que lles corresponde.

5.3.-Por parte do Concello de Fene darase traslado aos Concellos asinantes dunha copia do contrato administrativo formalizado, xunto cunha notificación da cota definitiva que deberán aportar todos os meses e transferir ao Concello de Fene.

Procurarase que o contrato dea comezo a principios de mes, e sendo a facturación a mes vencido, os Concellos ingresarán as cotas mensuais antes do día 20 de cada mes, cotas que corresponderán ao servizo prestado e facturado polo xestor do punto limpo o mes anterior.

A notificación da formalización do contrato administrativo determinará a deivindicación da obriga de ingresar ao Concello de Fene as cotas mensuais correspondentes durante toda a vixencia do contrato, sen prexuízo do disposto na cláusula oitava.

5.4.-As cotas mensuais a transferir ao Concello de Fene deberán facerse antes do día 20 do mes que corresponda conforme ao disposto na cláusula 5.3, coa finalidade de que o Concello de Fene poida dar cumprimento á normativa sobre morosidade no pago a provedores.

### **Sexta.-Incumprimento de obrigas.**

6.1.O incumprimento por calquera Concello de transferir ao Concello de Fene as cotas dentro dos prazos estipulados suporá a obriga automática de transferir ao Concello de Fene os intereses de demora previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, así como calquera outro dano e prexuízo que se lle irrogue ao Concello de Fene por mor do dito incumprimento.

6.2.-O retraso por mais de dous meses nas transferencias pactadas ao Concello de Fene suporá a rescisión automática deste convenio para o Concello incumpridor, estando obrigado a aportar aos concellos que se manteñan no convenio o importe da financiación á que se tivera comprometido coa sinatura deste convenio ata a finalización do contrato administrativo, sen incluír as súas posibles prórrogas, en concepto de indemnización de danos e prexuízos, no caso de que non se poida



modificar o contrato administrativo ou, en todo caso, ata a formalización desta. O Concello de Fene deberá notificar este feito ao resto dos concellos asinantes.

Os importes desta financiación deberán transferirse anualmente dentro do primeiro mes do ano natural, agás no ano da rescisión, no que se deberá transferir nos prazos fixados pola normativa tributaria, unha vez recibida a oportuna notificación da liquidación que corresponda polo Concello de Fene.

6.3.-No caso de que as liquidacións ás que se refire á anterior cláusula non sexan transferidas ao Concello de Fene nos prazos estipulados, o resto de Concellos asinantes virán obrigados a sustentar o contrato administrativo a partes iguais respecto da cota deixada de pagar, xunto ás posibles indemnizacións ou intereses que se xeren e que se distribuirán nos mesmos termos e previa notificación ao efecto por parte do Concello de Fene.

A parte proporcional a abonar por cada concello deberá incorporarse ao pago mensual ao que se compromete cada concello, sen prexuízo de que o Concello de Fene poida emitir liquidacións complementarias coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas derivadas do contrato administrativo e evitar o pago de danos e prexuízos ao contratista.

Estas liquidacións complementarias deberán transferirse ao Concello de Fene no prazo máximo de 15 días naturais.

6.4.-En todo caso, calquera dano e prexuízo reclamado ou recoñecido que se xere ao contratista por falta de pago nos prazos legais establecidos e que non sexan imputables ao Concello de Fene, deberán ser sufragados polo Concello que provoque o incumprimento, previa liquidación ao efecto que lle será notificada polo Concello de Fene e que se deberá ingresar nos termos da normativa recadatoria.

#### **Sétima.-Comisión de seguimento.**

Créase unha comisión mixta de vixilancia e seguimento deste convenio que estará integrada polos/as alcaldes/esas dos Concellos asinantes, asistidos, no seu caso, do/as respectivos/as funcionario/as de habilitación nacional dos respectivos Concellos. As funcións desta Comisión serán as seguintes:

- Avaliación dos resultados de execución do convenio
- Resolución de dúbidas e discrepancias na aplicación do convenio
- Resolución de problemas de execución do convenio
- Estudo dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexerán a contratación do servizo
- Estudo das propostas de modificación contractuais do servizo no caso de que supoñan elevación do custe económico do contrato
- Acordo sobre as prórrogas do servizo

#### **Oitava.-Duración, entrada en vigor e rescisión.**

8.1.-Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e extinguirse coa desaparición do seu obxecto.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

8.2.-Durante a súa vixencia, o convenio vinculará financeiramente aos Concellos asinantes, que virán obrigados a transferir as cotas ás que se vexan obrigados mentres o servizo sexa prestado e orixine gastos fronte a un acredor, con independencia da relación contractual que manteña co Concello de Fene.

8.3.-Fóra do suposto previsto de rescisión automática da cláusula sexta, o contrato poderá rescindirase polas seguintes causas:

-Mutuo acordo das partes.

-Mutuo acordo dos Concellos de Fene e Cabanas de non prorrogar o contrato.

-Resolución administrativa do contrato conforme á normativa contractual. -Decisión de non prorrogar o contrato.

No caso de que calquera dos Concellos asinantes non propietarios das instalacións decidan que non se queren manter adheridos ao convenio con ocasión dunha prórroga contractual, sempre que o resto de Concellos asinantes si decidan prorrogar, o resto de Concellos que desexen manter o contrato virán obrigados a financiar a partes iguais os custes que se puideran derivar deste feito, no caso de que non se poida modificar o contrato administrativo ou, en todo caso, ata a formalización desta.

**Disposición adicional primeira.**-Coa sinatura deste convenio, queda derogado para os Concellos de Fene e Cabanas o “Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Cabanas para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo” no que se opoña a este convenio.

**Disposición adicional segunda.**-Os concellos asinantes comprométese a financiar conxuntamente de acordo coa proporcionalidade prevista na cláusula 5.1 o custe do estudo económico da xestión do punto limpo de Vilar do Colo que servirá de base para a contratación do servizo e que foi pagado polo Concello de Fene e Cabanas por uns importes de 4.114 €, IVE incluído, segundo facturas das que se dará traslado a todos os concellos.

Segundo a dita proporcionalidade os importes que corresponde sufragar a cada concello son os que seguen:

Fene: 1957,44 €

Ares: 866,82 €

Mugardos: 793,18 €

Cabanas: 496,15 €

No prazo máximo dun mes a contar dende o seguinte ao da sinatura deste convenio, os Concellos de Ares e Mugardos transferirán ao Concello de Fene os importes que lles corresponde abonar por este concepto e o Concello de Fene transferirá ao Concello de Cabanas o importe de 467,37 € correspondente á parte da facturación por este concepto abonada de máis conforme ao reparto aprobado nesta Disposición.

### 3. INFORMES DA PRESIDENCIA

a) Resolúcións de Alcaldía



Dáse conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o último pleno ordinario.

#### 4. MOCIÓNS DE URXENCIA

a) Moción contra as comisións bancarias abusivas.

O **Alcalde**, con respecto á primeira moción presentada, indica ao concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña que faga a exposición dos motivos da urxencia da mesma.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** indica que é un asunto que está en plena actualidade á hora de colaborar cos veciños no cobro destas comisións abusivas, entenden que é o momento por ese motivo.

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos asistentes ( 10 votos).**

De seguido o concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** da lectura á moción presentada polo seu grupo, que literalmente, di:

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Unha parte importante da nosa veciñanza con contas bancarias na entidade Abanca estase a ver prexudicada por elevadas comisións e gastos que esta entidade bancaria está a aplicar aos seus clientes, máis gravosa aínda naquelas modalidades coñecidas como “libreta á vista”.*

*Estas comisións impoñense sobre contas correntes, non sobre produtos financeiros de esperada rendabilidade; afectan ao consumidor.*

*Deste xeito, Abanca dispón dunha importante rede de oficinas na nosa contorna polo que a liberdade de elección para unha parte importante da nosa veciñanza non existe; podendo a entidade exercer unha posición “dominante” sobre os clientes.*

*Temos unha poboación avellentada, coas dificultades/imposibilidades de acceder a outros modelos bancarios que non lles cobrarían estas comisións (certa banca online...).*

*Non é obxecto desta moción disertar sobre a legalidade ou ilegalidade desta práctica bancaria/comercial; práctica que este grupo considera falla de ética e abusiva entendida polo exercicio dunha posición dominante do banco sobre as persoas usuarias; máxime na situación de vulnerabilidade en que se atopan moitas persoas afectadas.*

*Cabe lembrar a orixe da entidade Abanca, resultado da venda a prezo de saldo da agrupación das dúas caixas de aforro galegas rescatadas con diñeiro público e que na actualidade pregoa abondosos beneficios.*

*Por iso, o Pleno de Cabanas ACORDA*

**1.- Trasladarlle á entidade Abanca o rexeitamento por parte deste Pleno á aplicación abusiva de comisións e gastos sobre as contas correntes.**

**2.- Apoiar a veciñanza na reclamación para devolver os cargos indebidos.**

**3.- Instar ao Concello de Cabanas a que, no caso de que a entidade Abanca non devolva estas comisións, contacte con entidades bancarias de banca ética e coa única caixa de aforros galega co fin de operar preferentemente con estas entidades bancarias.**





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Intervén o **Alcalde** que di que, por parte do seu grupo, so lle gustaría que o concelleiro matizase a que se refire o apoio do punto dous, pero polo resto están de acordo.

O concelleiro **Javier Fernández Brage** di que dende o Partido Popular tamén queren amosar o seu apoio, xa que consideran que os veciños están no seu dereito a reclamar e o concello a darlle o seu apoio.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que dende o BNG están tamén de acordo coa moción e radicalmente en contra desas medidas abusivas que afectan maioritariamente a pensionistas e empregados que están en ERTE, de aí que dende o seu partido aposten por unha banca pública, que apoie a obra pública e o interese social e dea impulso ao tecido produtivo e industrial.

A concelleira **Eva García Amor** di que non cren que sexa xusto, no contexto que están a vivir, que se cobren comisións abusivas e considera que é tamén unha falla de ética por parte dos bancos.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que, en canto ao punto dous, son pronunciamentos de carácter político e impulso, non de carácter obrigatorio.

**Sometida a moción a votación e por unanimidade dos membros presentes ( 10 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:**

- 1.- Trasladarlle á entidade Abanca o rexeitamento por parte deste Pleno á aplicación abusiva de comisións e gastos sobre as contas correntes.
- 2.- Apoiar a veciñanza na reclamación para devolver os cargos indebidos.
- 3.- Instar ao Concello de Cabanas a que, no caso de que a entidade Abanca non devolva estas comisións, contacte con entidades bancarias de banca ética e coa única caixa de aforros galega co fin de operar preferentemente con estas entidades bancarias.

b) Moción situación traballadoras de Axuda no Fogar

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** intervén para expoñer a urxencia da moción e di que entenden que, de acordo coa situación que están a vivir, e tendo en conta que o persoal de axuda no fogar é esencial nestes intres, cre que é un tema a tratar coa maior urxencia.

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos asistentes ( 10 votos).**

De seguido o concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** da lectura á moción que, de xeito literal, di:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Baixo a denominación de SAF (Servizo de Axuda no Fogar), recóllese todo o conxunto de actuacións destinadas a que as persoas dependentes continúen no seu entorno habitual, atendendo de maneira profesional as necesidades da vida diaria, o fomento da autonomía e o seu benestar persoal, sanitario e social.*

*O servizo préstase por profesionais formadas na área sociosanitaria e acreditadas convenientemente. En Galicia, a Orde do 19 de novembro de 2018 regula o procedemento de obtención das habilitacións para profesionais pertencentes a categoría de auxiliar de axuda no fogar (entre outras). No Capítulo I, artigo 2, especifica a obrigatoriedade de formación como técnicas para traballar en axuda no fogar.*



*Problemas como o abandono e a soedade son unha asignatura pendente da sociedade na que vivimos. En moitos casos, esta problemática “resólvese” co abandono do posto de traballo por parte dunha muller (filla, nora, sobriña...) que hipoteca a súa vida para converterse en coidadora informal.*

*Recursos, como horas de SAF e centros de día, seguen a ser escasos e de difícil acceso. Unha sociedade avanzada debería ter entre os seus obxetivos principais o coidado das persoas máis vulnerabeis, e as súas políticas deberían basearse na protección das mesmas.*

*A Ley 39/2006 do 14 de decembro de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia, parecía vir a solucionar a problemática. O desenvolvemento da devandita Lei, lonxe de facerse polas administracións públicas, deixouse nas mans dos mercados e as empresas privadas. Non precisamos aclarar que a empresa privada busca beneficios económicos, que é lícito, sempre e cando non se trate a unhas persoas como mercadoría e as outras coma máquinas. Non conseguimos entender o razoamento de que a xestión é máis eficaz cando se privatiza. A Experiencia confirma que a privatización non é máis efectiva ni é a solución.*

*A pandemia do CORONAVIRUS veu a poñer de manifesto que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo esencial e as traballadoras que o despenñan forman parte dese grupo de profesionais indispensables, aínda que invisibilizadas.*

*Consideramos que non é preciso aclarar que o sector dos coidados é un sector feminizado e precarizado, que, lonxe de buscar a igualdade, afonda na fenda de xénero, tanto en condicións laborais coma en salarios.*

*Por iso, o Pleno de Cabanas ACORDA*

**1º.- Garantir o Servizo Público: Que a administración correspondente, organice e preste o servizo directamente, sen concesións a empresas privadas. E mentres isto non ocorra solicitamos controis por medio de Inspeccións sen previo aviso tanto sanitarias como laborais dende a propia institución contratante, neste caso estamos a falar dos propios Concellos.**

**2º.- Instar un novo Convenio laboral: o último data do 2011 e as empresas retórceno a súa comenencia obrigando as traballadoras ao uso do propio coche sen compensación algunha a cambio, a ter que pagar aparcamento, a non dar chegado a tempo aos servizos porque os tempos de desplazamento se reducen até o ridículo e o imposibel...**

**3º.- Mellorar as condicións laborais, con xornadas que permitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Na actualidade os contratos a tempo completo son a excepción. A norma son xornadas de 3, 4 ou 5 horas, con xornada partida e que adoitan ocupar o día enteiro pola falta de planificación axeitada.**

**4º.- Establecer horarios e salarios que permitan vivir do traballo, sen ter que buscar complementos ou axudas para poder subsistir. A precariedade dos contratos non permite chegar ao SMI nin compatibilizar con outras ocupacións, polo que se condena ás traballadoras a vivir no límite da pobreza.**

**5º.- Establecer unha categoría laboral e base de cotización axeitadas á titulación esixida para o desempeño do posto de traballo**

**6º.- Diferenciar tarefas entre coidadoras (auxiliares/sociosanitarias) e traballadoras do servizo de limpeza. Correspondéndolle a coidadora:  Hixiene e coidado persoal  Alimentación  Administración de medicación pautada polas profesionais médicas.  Cambios posturais  Acompañamento fora do fogar para xestións, consultas, compras, etc**







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*□ Estimulación e ocio Corresponderíalle ao persoal de limpeza: □ Mantemento da hixiene e a orde das distintas estancias do fogar. □ Coidado da roupa e enseres.*

*7º.- Dereito a ser informadas convenientemente das patoloxías das persoas usuarias: posibilidade de contaxio, de fases agresivas, etc., xa que afectan directamente a nosa integridade. — Unificación de condicións laborais, con independencia da zona do País onde se traballe.*

*8º.- Impulsar a formación continua: unha atención de calidade require da posta ao día constante de novas metodoloxías, recursos, aparición de novas enfermidades, etc.*

*9º.- Recoñecer as enfermidades laborais, que se van xerando paulatinamente a consecuencia da prestación constante e diaria das funcións do traballo (dor de costas, patoloxías musculoesqueléticas, síndrome de fatiga crónica, estrés, depresión...)*

*10º.- Establecer o dereito a plus de perigosidade e toxicidade, dado que realizamos un traballo excepcional, o que conleva tarefas que supoñen un constante esforzo e son inviduabelmente dificultosas, co agravante da agresividade das persoas usuarias, debido a súas patoloxías, en innumerabeis ocasións.*

*11º.- Mellorar a prevención de riscos laborais. Esiximos un plan de prevención axeitado a cada posto de traballo e a formación e información das traballadoras en relación ao mesmo.*

*12º.- Adiantar a xubilación: Aplicación de coeficientes reductores da idade de xubilación dados pola natureza excepcional do noso traballo. —Equipos de protección individual (EPI's) axeitados a cada situación específica.*

*13º.- Dispoñer en cada fogar das axudas técnicas axeitadas as necesidades específicas de cada persoa usuaria. Na actualidade vémonos obrigadas a mobilizar, sen ningún tipo de axuda, a persoas que chegan a dobrar o noso propio peso, e que, en moitos casos, non teñen mobilidade algunha, ou a realizar tarefas de aseo en camas sen carro elevador, o que nos obriga a manter posicións forzadas e continuadas no tempo.*

*14º.- Establecer espazos gratuítos para aparcas nas cidade e vilas, cunha tarxeta para zonas “ora, carga e descarga, residentes”... así como quilometraxe e compensación económica para as que usamos coche propio e bono de transporte para as que usamos transporte público.*

*15º.- Computar do tempo de traballo desde que saímos do noso fogar até o remate do último servizo.*

*16º.- Controlar o intrusismo, impedindo que haxa empregadas do fogar facendo tarefas de coidadora, así como, coidadoras contratadas como empregadas do fogar.*

*17º.- Valorar a dependencia e a prestación de servizo de maneira áxil e axeitada, dado que as auxiliares atopáanse moitas veces co que o PIA non se corresponde coa realidade. Por outra banda, son coñecidos gran número de casos nos que a resolución chegou anos despois do pasamento da persoa solicitante.*

*18º.- Impulsar un organismo oficial de defensa da usuaria, que recolla e resolva as queixas, denuncias, etc., e que vele polo benestar da mesma.*



**19º.- Realizar auditoría sobre os efectos da pandemia do COVID 19, en traballadoras e persoas usuarias. Non coñecemos ningún estudo, informe, nin sequer folleto, que indique cal foi a incidencia da pandemia sobre as persoas dependentes nos seus fogares nin sobre as súas cuidadoras profesionais ou informais.**

**20º.- Darlle traslado deste acordo ao Goberno Galego e á Consellería correspondente.**

Ábrese do debate a intervéñ o concelleiro **Javier Fernández Brage** que di que a atención aos maiores debe ser un eixo prioritario para que podan ser coidados no seu entorno e isto é así tamén para a Xunta de Galicia que di que está a facer un grande esforzo na dependencia, cun gasto de 450 millóns nos últimos anos, un servizo que ademais, di que se converteu en esencial nos últimos meses, e un servizo que di que se podería mellorar se o goberno central cumpriese coa súa parte e achegas a financiación necesaria para unha mellor prestación do mesmo, motivo, polo que, explica, o voto do seu grupo será unha abstención.

De seguido intervéñ a concelleira **Diana Rodríguez Fernández** que di que dende o goberno e dende o grupo político do PSdG-PSOE están de acordo coa maioría dos puntos da moción, e de feito xa no seu día o seu grupo presentou unha moción para instar á Xunta a mellorar o prezo hora do servizo de dependencia, tendo en conta que está arredor de 8€/h, cando a Deputación valóralo en 12€/h. A concelleira continúa dicindo que, por desgraza, tivo que chegar o COVID para darse conta do esencial deste servizo e da súa precariedade e aínda que están de acordo coa moción, quere dicir que no concello de Cabanas as condicións laborais das traballadoras do servizo de axuda no fogar son as mesmas que as do resto de traballadores, con xornadas completas e incluíndo os traslados, ademais que di que teñen creado recentemente unha bolsa de traballo a maiores, xa que, ao tratarse dun servizo imprescindible non queren deixar en ningún momento o servizo sen cumprir e tratan de que teña unhas condicións dignas. En todo caso, di que son conscientes que é un servizo moitas veces precario, pero a defensa dos traballadores destes servizos debe recaer tamén nos sindicatos.

A concelleira **Paula González Grueiro** di que coinciden plenamente coa exposición de motivos da moción, porque é un servizo básico e teñen que tratar de melloralo, pero as solucións que se indican na parte dispositiva, cre que son moi xenéricas, que superan as competencias municipais nalgúns casos, como o tema dos coeficientes reductores que é unha competencia do goberno central, e que ademais non son propostas moi viables a curto prazo, porque teñen o seu propio trámite; en canto á normativa en prevención de riscos son conscientes que en moitos casos non se cumpre, se ben quere dicir que non é o caso do concello de Cabanas, que ten, precisamente, un servizo alleo para a avaliación dos riscos laborais. Por último en canto ao cómputo da xornada, di que o persoal do concello no servizo de axuda no fogar se lle computa toda a xornada laboral, como non pode ser doutro xeito, e non sabe se a moción se está referindo ao caso dos accidentes considerados *in itinere*, que é algo diferente. En todo caso, a concelleira di que, a pesar destas cuestións, o seu grupo vai a votar a favor da moción.

De seguido intervéñ a concelleira **Eva García Amor** que di que é unha moción ambiciosa, e certamente as traballadoras teñen a vía sindical para defender os seus dereitos, pero cre que tamén a certo que dende a administración hai que coidar a estas traballadoras, como se fai en Cabanas; aínda así, a concelleira di que apoiará a moción.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que comprende que son moitas cuestións as que demandan as traballadoras, pero di que a moción recolle un pronunciamento político, porque xa sabe que hai cuestións que trascenden as competencias municipais e saben tamén que hai outras cuestións





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

que requirirán longas batallas, como chegar á xornada completa, pero, recalca que se trata dunha moción de ámbito político.

Sometida a moción a votación e por sete ( 7 ) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e tres ( 3 ) abstencións dos concelleiros do PP, adoptouse o seguinte ACORDO:

1º.- Garantir o Servizo Público: Que a administración correspondente, organice e preste o servizo directamente, sen concesións a empresas privadas. E mentres isto non ocorra solicitamos controis por medio de Inspeccións sen previo aviso tanto sanitarias como laborais dende a propia institución contratante, neste caso estamos a falar dos propios Concellos.

2º.- Instar un novo Convenio laboral: o último data do 2011 e as empresas retórceno a súa comenencia obrigando as traballadoras ao uso do propio coche sen compensación algunha a cambio, a ter que pagar aparcamento, a non dar chegada a tempo aos servizos porque os tempos de desprazamento se reducen até o ridículo e o imposibel...

3º.- Mellorar as condicións laborais, con xornadas que permitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Na actualidade os contratos a tempo completo son a excepción. A norma son xornadas de 3, 4 ou 5 horas, con xornada partida e que adoitan ocupar o día enteiro pola falta de planificación axeitada.

4º.- Establecer horarios e salarios que permitan vivir do traballo, sen ter que buscar complementos ou axudas para poder subsistir. A precariedade dos contratos non permite chegar ao SMI nin compatibilizar con outras ocupacións, polo que se condena ás traballadoras a vivir no límite da pobreza.

5º.- Establecer unha categoría laboral e base de cotización axeitadas á titulación esixida para o desempeño do posto de traballo

6º.- Diferenciar tarefas entre coidadoras (auxiliares/sociosanitarias) e traballadoras do servizo de limpeza. Correspondéndolle a coidadora:  Hixiene e coidado persoal  Alimentación  Administración de medicación pautada polas profesionais médicas.  Cambios posturais  Acompañamento fora do fogar para xestións, consultas, compras, etc  Estimulación e ocio Corresponderíalle ao persoal de limpeza:  Mantemento da hixiene e a orde das distintas estancias do fogar.  Coidado da roupa e enseres.

7º.- Dereito a ser informadas convenientemente das patoloxías das persoas usuarias: posibilidade de contaxio, de fases agresivas, etc., xa que afectan directamente as nosa integridade. — Unificación de condicións laborais, con independencia da zona do País onde se traballe.

8º.- Impulsar a formación continua: unha atención de calidade require da posta ao día constante de novas metodoloxías, recursos, aparición de novas enfermidades, etc.

9º.- Recoñecer as enfermidades laborais, que se van xerando paulatinamente a consecuencia da prestación constante e diaria das funcións do traballo (dor de costas, patoloxías musculoesqueléticas, síndrome de fatiga crónica, estrés, depresión...)

10º.- Establecer o dereito a plus de perigosidade e toxicidade, dado que realizamos un traballo excepcional, o que conleva tarefas que supoñen un constante esforzo e son



indubidabelmente dificultosas, co agravante da agresividade das persoas usuarias, debido a súas patoloxías, en innumerabeis ocasións.

11º.- Mellorar a prevención de riscos laborais. Esiximos un plan de prevención axeitado a cada posto de traballo e a formación e información das traballadoras en relación ao mesmo.

12º.- Adiantar a xubilación: Aplicación de coeficientes reductores da idade de xubilación dados pola natureza excepcional do noso traballo. —Equipos de protección individual (EPI's) axeitados a cada situación específica.

13º.- Dispoñer en cada fogar das axudas técnicas axeitadas as necesidades específicas de cada persoa usuaria. Na actualidade vémonos obrigadas a mobilizar, sen ningún tipo de axuda, a persoas que chegan a dobrar o noso propio peso, e que, en moitos casos, non teñen mobilidade algunha, ou a realizar tarefas de aseo en camas sen carro elevador, o que nos obriga a manter posicións forzadas e continuadas no tempo.

14º.- Establecer espazos gratuítos para aparcar nas cidade e vilas, cunha tarxeta para zonas “ora, carga e descarga, residentes”... así como quilometraxe e compensación económica para as que usamos coche propio e bono de transporte para as que usamos transporte público.

15º.- Computar do tempo de traballo desde que saímos do noso fogar até o remate do último servizo.

16º.- Controlar o intrusismo, impedindo que haxa empregadas do fogar facendo tarefas de coidadora, así como, coidadoras contratadas como empregadas do fogar.

17º.- Valorar a dependencia e a prestación de servizo de maneira áxil e axeitada, dado que as auxiliares atopáanse moitas veces co que o PIA non se corresponde coa realidade. Por outra banda, son coñecidos gran número de casos nos que a resolución chegou anos despois do pasamento da persoa solicitante.

18º.- Impulsar un organismo oficial de defensa da usuaria, que recolla e resolva as queixas, denuncias, etc., e que vele polo benestar da mesma.

19º.- Realizar auditoría sobre os efectos da pandemia do COVID 19, en traballadoras e persoas usuarias. Non coñecemos ningún estudo, informe, nin sequera folleto, que indique cal foi a incidencia da pandemia sobre as persoas dependentes nos seus fogares nin sobre as súas coidadoras profesionais ou informais.

20º.- Darlle traslado deste acordo ao Goberno Galego e á Consellería correspondente.

## 5. ROGOS E PREGUNTAS

O concelleiro **Javier Fernández Brage** indica que, por parte do seu grupo teñen varias preguntas e un rogo, que formula de seguido.

- O concelleiro di que teñen coñecemento que, en datas recentes, perderon unha subvención para a dinamización do polígono de Vilar do Colo e gustaríaalles saber o motivo.

O concelleiro **Iago Martínez Varela** indica que se trataba dunha subvención para a creación dun viveiro de empresas e non a perderon, senón que a Xunta denegouna porque considera que o arquitecto municipal non é o técnico adecuado para a redacción do proxecto e cre que, ao mellor, dende o grupo político municipal do PP lles poden dicir algo mais ao respecto.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

- O concelleiro di que varios veciños de Laraxe lles comentaron que cando solicitan a conexión a internet, lles din que están pendentes de que o concello outorgue autorización para poder levar a cabo a conexión e gustaríalle saber que pasa con ese proxecto.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que o proxecto está en trámite.

- O concelleiro continúa dicindo que veu que suspenderon a regata Kaiak do Mar e que, sen embargo, vaíse celebrar a feira de Santa Marta e gustaríalle saber que medidas van adoptar con respecto a esta celebración, que o di, principalmente, porque se coincide cun día caloroso, como está acontecendo, vai haber moita xente e non sabe como teñen pensado acotar a zona a que medidas van adoptar.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que non teñen o mesmo programa que anos anteriores, e unha cousa moito mais discreta, e explica que, no tocante á feira aplicaranse as medidas da Xunta, en relación a número de postos, distancias, máscaras, xel...

A concelleira **Diana Rodríguez Fernández** explica que dende o concello eran reticentes este ano, debido ao COVID, á celebración deste evento, pero tamén cren que a cultura que foi o primeiro sector en deixar de traballar e o último en incorporarse, ten que arrincar e realmente o único que van facer é unha sesión de cine ao aire libre, con separación e anotación de carácter previo, un espectáculo infantil e unha exposición ao longo do paseo e un pasarrúas; a concelleira di que apelan á responsabilidade da xente porque é un pouco continuar co que se está facendo na etapa *post confinamento* actual.

O concelleiro **Javier Fernández Brage** di que lle parece ben, pero cre que deberían ter en conta as masificacións dos últimos días na praia e a maiores o tema da feira, que consideran que é un risco importante e a súa pregunta, insiste, é saber sen van adoptar algunha medida especial.

A concelleira **Diana Rodríguez Fernández** di que non pensan que vaia a ser unha aglomeración maior da que xa hai nunha fin de semana normal.

O **Alcalde** apunta que ademais haberá un control especial da Garda Civil e a Policía Local.

O concelleiro **Iago Martínez Varela** pide a palabra para dicir que ademais do dispositivo especial das forzas e corpos de seguridade, van mais aló do que di a lei, porque a sesión de cine e ao ar libre, e o resto de cousas son como calquera fin de semana, porque tampouco o concello poden na situación actual, prohibir as comidas no piñeiral. En todo caso, aclara que toda a programación pende dun fío e, se hai rebrote si que se suspenderá todo.

O concelleiro **Javier Fernández Brage** pregunta se van a controlar o aforo na praia.

O **Alcalde** di que xa lle explicou que estarán tanto a Garda civil como a Policía Local.

- O concelleiro di no último mandato o grupo do PSdG-PSOE presentou unha moción para o tema da mellora e mantemento de fontes e o goberno desde momento fixo un plan e pregunta se teñen previsto cumprilo.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** di que é un tema que queren sacar adiante e están traballando niso, explica que comezarán polas do piñeiral.

- Por último o concelleiro di que lles suxiren que se organicen mellor no tema dos desbroces, porque van a un sitio e volven quince días mais tarde, cando xa está todo outra vez igual.



A concelleira **Eva García Amor** explica que durante o tempo do confinamento tiveron que ir ao mais importante, pero agora xa está programado para que se centren nun so camiño.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** formula os seguintes rogos e preguntas:

- O concelleiro refírese en primeiro lugar a unha pregunta escrita que presentaron no día anterior no rexistro de entrada do concello e da que, en aplicación da normativa, compre resposta. Da lectura á pregunta que, literalmente di:

*No pleno da Corporación de 27 de maio de 2020, o concelleiro realizou unha pregunta sobre a Comisión Municipal de Seguimento da evolución do COVID-19 creada mediante decreto 387/2020 e solicitou por rexistro o 22 de xuño os "resumos". Á vista de que dous meses despois non se puido acceder na secretaría municipal aos resumos solicitados preguntamos:*

1. *Cantas Comisións Municipais de Seguimento da evolución do COVID-19 se celebraron?*
2. *Indicando a data da sesión, cales foron os asuntos tratados nas Comisións Municipais de Seguimento da evolución do COVID-19?"*

O **Alcalde** di que xa lle contestou a esa pregunta mediante escrito que se rexistrou de saída, pero, en todo caso, indica que lle vai dar lectura á contestación, que é a que segue:

1.-O numero de comisións de seguimento e coordinación de traballos foron 20, comprendidas dende o 17 de marzo ata o 28 de maio.

2- A orde do día en todas as comisións era o mesmo:

- 1- Seguimento da evolución do COVID-19. (Seguimento de casos)
- 2- Protocolos para actuar no persoal do Concello de Cabanas. (Necesidades e coordinación dos traballadores/as municipais)
- 3- Protocolos de actuación na cidadanía do Concello de Cabanas. (Coordinación de traballos de limpeza e seguimento das normas establecidas polo Estado de Alarma)
  - O concelleiro pregunta, en relación ao tema da fibra, as solicitudes de colocación de postes, gustaríalle saber de que operadores son.

O concelleiro **Iago Martínez Varela** di que as dúas solicitudes pendentes son de Telefónica.

- O concelleiro pregunta cantas solicitudes para axudas a pemes teñen rexistradas.

O concelleiro **Iago Martínez Varela** di que teñen vinte e unha.

O concelleiro pregunta, en relación a este tema, se xa saben entón a cantidade que van a gastar.

O concelleiro **Iago Martínez Varela** di que, no suposto de que todas as solicitudes teñan dereito ao máximo previsto nas bases, serán 12.600 €.

- O concelleiro pregunta en que situación se atopan as augas de baño nas praias da Madalena e Chamoso.

O **Alcalde** di que aptas para o baño en ambos casos.

- O concelleiro pregunta en que situación se atopa a elaboración do orzamento para o exercicio 2021.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O **Alcalde** di que comezarán coa súa elaboración en setembro.

- O concelleiro pregunta cando teñen previsto render a conta xeral.

O **Alcalde** cede a palabra á Secretaria que di este ano, por mor da pandemia, o prazo para a rendición da conta xeral ampliouse ata o 22 de xaneiro do 2021.

- En relación ás medidas adoptadas polo COVID na casa consistorial, pregunta se valoraron sinalizar con bandas o tema da distancia.

O **Alcalde** di que non teñen problema por facelo, aínda que hai control de aforo.

- O concelleiro di que lle chama a atención que coa mampara que se instalou no rexistro, este queda illado completamente, cando hai varias persoas traballando dentro, tendo en conta que unha das vías de transmisión é a aérea e que están nun espazo sen ventilación, gustaríalle saber que alternativas valoran sobre este tema.

A concelleira **Paula González Grueiro** di que se tomou a decisión de apantallar o rexistro porque cren que ao estar en contacto co público é mais seguro deste xeito, e, en canto á distancia e á ventilación di que, segundo a técnica de prevención de riscos as distancias cúmprensen, ademais de ter EPIS a disposición e material para desinfectar e, en todo caso, di que as valoracións no as fai o equipo de goberno, senón que as deben facer os técnicos.

O **Alcalde** engade que ademais están evitando poñer o ar acondicionado.

- O concelleiro di que hai dous colectores amarelos, nas zonas de Pena do Pico e Barreiro, que se cambiaron de sitio e gustaríalle saber o motivo, ademais de saber se teñen previsto sacar o que está na antiga parada dade autobús.

A concelleira **Eva García Amor** di que no primeiro caso foi pola queixa dunha persoa que está enferma, que o ten ao lado da casa e teñen previsto poñer o soporte, en canto podan. E o segundo caso di que non lle consta, pero que o mirará.

- O concelleiro di que teñen algunhas observacións relativas aos procesos selectivos, porque explica que ninguén sen experiencia previa entrou e pregunta porqué non realizaron unha proba práctica obxectiva.

O **Alcalde** di que, dada a situación, non se considerou oportuno.

- O concelleiro di que hai queixas polo aparcamento en Chamoso e no Areal e xa pediron noutro pleno que puxeran vixiantes, pero ve que non hai.

O **Alcalde** explica que non o viron viable, porque o prezo é moi elevado.

- O concelleiro di que, en relación a ese mesmo tema, os veciños fixéronlles notar que estrada xeral está absorber moito aparcamento da praia, e gustaríalle saber se van a adoptar medidas para os residentes e traballadores desa zona.

O **Alcalde** di que se podería estudar esa opción, pero non tivo queixas ata ese momento.

A concelleira **Eva García Amor** intervén para dicir que se desbrozou ao máximo a zona colindante coa autopista para facilitar o aparcamento nesa área.



- O concelleiro di que, en relación a Santa Marta teñen dúbidas cos gastos e pregunta si se esgota a partida.

O **Alcalde** di que non.

- O concelleiro di que, en relación ás medidas de protección de lumes e ornato público, hai moitos camiños sen rozar, un tractor so non da abasto e di que tamén hai problemas en relación ás franxas de seguridade e pregúntase cantas hai.

A concelleira **Eva García Amor** di que hai as que lles recomendaron, remataron esa semana e tamén lle pediron a Seaga que lles fixera unha parte, porque non daban abasto.

- En relación ao tema da limpeza di que hai queixas na zona do Pino, e tamén na zona de Oito viron ratas e pregunta que medidas van adoptar para desratizar.

A concelleira **Eva García Amor** di que se fixo esa semana e van reforzar con mais contedores, precisamente polo tema das ratas.

O **Alcalde** di que, ademais, fixéronlle un requirimento aos propietarios.

- O concelleiro pregunta se lle poden indicar as medidas de reapertura para o PAI e si se cubriu toda a matrícula.

A concelleira **Diana Rodríguez Fernández** di que para o vindeiro curso teñen once nenos e as medidas serán as que marca o protocolo da Xunta: entrada escalonada, desinfección de xoguete e demais.

- O concelleiro, en relación a dotación de auga e saneamento, pregunta en que situación se atopan as propostas que realizaron para o orzamento do 2020 e que rexeitou o goberno local.

O **Alcalde** di que están pendentes da ampliación da rede.

- O concelleiro di que á vista do bando de prohibición de fogatas en San Xoan, saben que se realizou unha e gustaríalle saber que medidas adoptaron.

O **Alcalde** di que se lles comunicou que a apagan.

- O concelleiro di que lle gustaría saber se, no hipotético caso, de que se tivese realizado un San Xoan tradicional, tiñan pensado cobrar fianza como no ano anterior.

O **Alcalde** di que si.

- O concelleiro di que a Xunta requiriu ao concello documentación polo tema do PXOM e gustaríalle saber se xa a completaron.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que lles falta o informe de Augas de Galicia.

Por último o concelleiro di que ten as seguintes suxestións:

- No camiño do Cadaval di que hai un camiño entre parcelas que necesita limpeza e un veciño avisounos, xa que é un vial público, polo que lle gustaría saber que medidas van adoptar.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** di que non teñen constancia de que ese camiño sexa público.







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que entón deberán abrir un expediente de titularidade.

- O concelleiro di que o camiño de servizo para acceder a Santa Cruz está nun estado lamentable.
- En canto ao camiño de Irís di que hai varios veciños que se queixan do ruído das bandas, que tenten que se resolva no próximo rebacheo.
- O camiño do Foxo está sen arranxar.
- O concelleiro suxire que coloquen papeleiras no Areal e recolle periodicamente as da praia, porque en días pasados había gaivotas estrando o lixo.
- O concelleiro solicita que realicen unha limpeza e desinfección dos colectores en xeral e especialmente da calzada diante da casa do Pino no Areal, xa que hai graxa.
- Suxire a creación dunha bolsa de emprego para substituír á traballadora social, xa que co tema do Ingreso mínimo vital hai moito mais traballo.
- En relación ao CEIP Eladio Mariño di que lle gustaría suxerir que se reclamen os gastos de limpeza que se xeren polo COVID, xa que vai requirir un esforzo e considera que é algo que debería estar transferido hai tempo, así como solicita tamén que se lles faciliten todos os medios precisos para ter un ensino seguro e de calidade.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as vinte horas e cincuenta e seis minutos estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº

